

# Roteiro

# cultural 2018



IES Neira Vilas  
IES Miraflores



Bibliotecas Públicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



**Concello de Oleiros**

Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística

**Organización:** Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros, Servizo de Normalización Lingüística, IES Miraflores de Oleiros e IES Neira Vilas de Perillo

**Coordinación:**

- Biblioteca Central Rialeda
- Servizo de Normalización Lingüística
- Rosa García Vilariño
- Antonio Porto Sánchez do Departamento de Lingua e Literatura Galega do IES Miraflores
- Inma Otero Varela do Departamento de Lingua e Literatura Galega do IES Neira Vilas

**Profesorado:**

- Antonio Porto Sánchez do IES Miraflores
- Inma Otero Varela, Natalia Val Guerreiro, Fernando Vidal Meijón e Ana Crego Yáñez do IES Neira Vilas

**Alumnado (curso 2017-2018)**

**Alumnado do IES Miraflores** (1º de bacharelato):

María Iglesias López (1º A), Concepción Alonso Maroñas (1º C), Cristina Álvarez Mespollé (1º C), Marta María Estévez Manteiga (1º C) e Sandra Gómez Cortiñas (1º C)

**Alumnado do IES Neira Vilas** (3º de ESO):

*Autores/as do texto:*

Nicolás Christoffel Gómez, Noela Mato López, Sofía Miranda Vázquez, Álvaro Mosquera Rúa e Daniel Pose Carril

*Autores/as colaboradores/as:*

Aitor Ares Montes, Ainhoa Mejuto Serantes, Marina Rodríguez Koen, Claudia Rodrigues Paes, Andressa Fernández Amador, Pablo Arias Barrio, Beatriz Paola Guerrero Alatorre, Mateo García Barreiro, Agustina Rodríguez Pereira e Celia Mansilla Mantiñán

**Deseño e maquetación:** Departamento de Comunicación do Concello de Oleiros

**Edición:** Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros e Servizo de Normalización Lingüística





**ROTEIRO** CULTURAL E LITERARIO

2018



### Instituto Neira Vilas

(Inaugurado no ano 1989, e co que Anisia Miranda colaborou en múltiples iniciativas culturais)



### As Torres de Santa Cruz

(Sede do Museo Os Oleiros - Jose María Kaydeda)



### Casa familiar en Montrove


(Residencia de verán de Antonio Tenreiro Brochón e a súa familia)



---

# ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO

---



*O pintor e escultor José María Kaydeda,  
a escritora Anisia Miranda e  
o arquitecto e pintor  
Antonio Tenreiro Brochón*

Esta actividade organízase entre o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística, o IES Miraflores e o IES Neira Vilas.

Consiste no recorrido por distintos lugares do municipio relacionados con estas persoas ilustres, como unha homenaxe a todas elas. Comezaremos nas Torres de San Cruz onde se falará de José María Kaydeda e visitaremos o Museo Os Oleiros; trasladarémonos ao parque José Martí en Perillo no que se presentará a escritora Anisia Miranda e as súas obras; a continuación marcharemos para Oleiros onde se amosará a exposición de varias obras pictóricas do arquitecto e pintor Antonio Tenreiro Brochón e expoñerase a súa figura e traballos.


Os obxectivos que se pretenden conseguir son:

- Dar a coñecer diferentes persoas ilustres que viviron ou tiveron moita relación co Concello de Oleiros.
- Mellorar o coñecemento de patrimonio e espazos do termo municipal de Oleiros.
- Promover a lectura.
- Fomentar o uso da lingua.

*“Cando alguén chega a Oleiros con boas intencións, sempre chegará á súa casa. Este é un principio xa tradicional desta terra acolledora e amable. Pero se quen chega é un home que trae con el unha forte personalidade creativa, unha sensibilidade tan arrañada na cultura popular e unha vida chea de camiños de liberdade, temos que mostrar o noso orgullo aos catro ventos.*

*É o caso de José María Kaydeda, que chegou a Santa Cruz coa súa vida ás costas, para agasallarnos coa súa sabedoría ilustrada e a constancia dunha experiencia dedicada a esculcar no máis fondo da alma ibérica. Grazas a el, Oleiros pódese gabar da orixe do seu nome cunha magnífica colección chea de autenticidade e de rigor. Unha colección que nos fala dos oleiros de tódolos camiños. De como traballan. De como eran e como son os que aínda persisten e cada ano nos visitan en Alfaroleiros, outro dos froitos que Kaydeda alumea, xunto con Teresa, cada agosto sobre a herba de Santa Cruz...”*

**Texto lido pola Alcaldesa-Presidenta do Concello, Esther Pita Pita no Pleno do 9 de xullo de 1998, cando foi nomeado fillo adoptivo de Oleiros.**



J

osé María Calzada y Dal-  
mases naceu en Barcelona  
o 8 de setembro de 1920, no  
seo dunha familia catalá de  
bo pasar e con gran interese

pola cultura e as artes. A familia trasládase  
en 1926 a Galicia, e o noso protagonista  
realiza os estudos primarios e secundarios  
en terras de Neda-Ferrol. José María, a par-  
tir de agora, Kaydeda, nome artístico que



*Jose María coa súa nai*

adopta, amosa desde o inicio da súa mocidade actitudes rebeldes e inquedas, que o van encamiñar cara a unha vida de activismo cultural, transgresor e aventureiro.

Pasa a Guerra Civil en Galicia con apenas 16 anos e vaille achegar esta unha experiencia dramática que sempre lembrará. Trasládase a Santiago para iniciar estudos universitarios inda que a súa vocación vital o leva máis a participar na vida artística e intelectual. Xa desde as súas terras ferrolás vai fundar o denominado **Grupo Altamira** do que van formar parte pintores tan recoñecidos hoxe como Segura Torrella, Tomás Barros e González Collado baixo a figura dun gran mestre como Felipe Bello Piñeiro. En 1941, con 21 anos, ten lugar a súa primeira exposición individual no Círculo de Artesáns de Santiago de Compostela e ademais comeza as súas colaboracións en prensa e radio. A súa presenza na prensa abrangue longos períodos. Ademais das



cabeceiras galegas como *El Correo Gallego*, *El Ideal Gallego* e *La Voz de Galicia* atopamos a súa pegada en *Pueblo* de Madrid e no *Diario de Barcelona* da mesma cidade.

Kaydeda na Coruña relaciónase cos escritores e pintores que forman parte da nómina da importante revista coruñesa *Atlántida* de mediados dos anos 50. Son estes Tenreiro, Lugrís, Labra, Lago Rivera e escri-



*Kaydeda acompañado de pintores e escritores*


tores como Camilo José Cela e González Garcés. Nesta época expón na Asociación de Artistas coruñesa, na librería de Lino Pérez da rúa Real e na sala do Concello coruñés. Realiza ademais, en 1951, a escenografía de *El Sueño de una Noche de Verano* que interpretará no Teatro Colón coruñés. Kaydeda participará tamén en 1953 e 1957 na posta en escena de “Beléns” ou “Nacementos” que se celebraban no Palacio da Virreina de Barcelona, o Primeiro **Presepio** de Arte Moderno do Mundo e no III Congreso Pesebrista Internacional na mesma cidade.





*Larvas. 1960*

Esquecidos os estudos universitarios, malia terse matriculado na universidade de Oviedo, unha das súas facetas vitais de aprendizaxe, tamén desde o punto de vista artístico, serán as viaxes. Ao longo da súa vida realizou unha serie de viaxes, primeiro na súa etapa de estudante embarcándose tres meses ao Gran Sol, máis tarde a América do



Sur, e xa nos anos 80 a Italia, Inglaterra, Exipto e Israel. A estas viaxes debemos engadir as calidades dun gran comunicador e

conversador, que facilita a súa vocación divulgadora tanto das artes en xeral como de temas de tipo esotérico onde foi moi recoñecido. Na década dos 60, convértese nun tertuliano habitual en programas e congresos de temática paranormal, acompañado de grandes expertos na materia como o Doutor Jiménez del Oso. Funda a editorial Edicións Kaydeda, especializada en obras




Outono. 1960

transgresoras e heterodoxas. O seu interese neste campo lévao a escribir e publicar a *Enciclopedia de Magia y Ocultismo, O milenio, apocalipse e a fin do mundo* na editorial Toxosoutos. O engado pola arte sacra, a relixión e a Idade Media lévano a proxectar e publicar na súa editorial o primeiro Facsímile do *Códice Calixtino*.


As outras actividades ás que se dedica con éxito de público e crítica son por unha parte a pintura e pola outra a escultura. En ambas as dúas recibe importantes premios. En 1966 obtén o **Primeiro Premio de Escultura Salón del Toro**, en Soria, e no ano seguinte, 1967, o **Segundo Premio de Pintura Tina del Port**, en Xirona e **Segundo Premio Internacional de Escultura**, en Barcelona. Kaydeda procura nas artes novos camiños e explora novas vías de comunicación e expresión. Na maior parte das súas composicións pictóricas non emprega o óleo senón materiais novos como chapas

de ferro, de madeira, area, esmaltes, vidros, coiro e papel. Os relevos e a terceira dimensión son formas de composición nos seus cadros e o tratamento do vidro xuntamente cunha gran conxunción de cores fan a súa obra totalmente recoñecible, levan a sinatura de autor, é



*Maquinaria. 1965*





O Halo do sol. 1974

dicir, é Kaydeda. Estas características atopá-molas en cadros como *Maquinaria*, *El Halo del Sol*, *Extraterrestres* entre outros. Na escultura continúa o estilo do noso autor de clara tendencia abstracta e en moitas ocasións minimalista. Trátase na maioría das veces de pezas xeométricas en expresión cubista e tal como din os seus críticos, Kaydeda realiza unha obra inclasificable, moi persoal e propia de novas tendencias aínda por explorar.

Mais a actividade principal e pola que este roteiro lle rende homenaxe a Kaydeda vai ser a olería. Da súa colección privada de artesanía do barro configurada na compañía da súa dona



*Extraterrestres. 1979*

Teresa Jorge Antolín, contaban con máis de 4.500 pezas de olería de 1.227 alfares e 248 centros de olería, adquiridas polas súas viaxes a través da Península Ibérica, arquipélago canario e as Illas Baleares. O volume das pezas adquiridas, que nun primeiro momento ían formar parte da súa propia colección, foi tal que se fixo inviable e decidiron doala.



*Sen título. 1970/72*

Deste xeito no ano 1995, cederon a súa colección particular de olería ao Concello de Oleiros, grazas ao empeño do alcalde Ángel García Seoane que conseguiu establecer un espazo museístico nas dependen-



*Kaydeda e o alcalde de Oleiros Ángel García Seoane*

cias do pazo das Torres de Coruxo, onde se atopa o centro cultural, situado en Santa Cruz de Liáns; creando así, no ano 1995, o **Museo Os Oleiros -Jose María Kaydeda**.

Este legado adquire un grande significado para os veciños e veciñas de Oleiros. En primeiro lugar vencellar o topónimo de Oleiros coa importante colección oleira, tendo en conta ademais que da fábrica de cerámica de Dorneda de 1799 non se conserva ningún alfar nin mostra. En contraposición permite a creación da **mostra**





**de olería popular**, que ten lugar na primeira semana de agosto no **parque Luis Seoane en Santa Cruz**, proxectando unha actividade cultural e turística coñecida xa en toda Galicia. E por último, e como características antropolóxicas e étnicas, permítenos a través dos seus cacharos para o leite, para o viño e o aceite, para cociñar, para xogar e para rezar saber da vida diaria e real de homes e mulleres do común.



*Museo Os Oleiros - Jose María Kaydeda  
(exterior e parte do interior deste)*



*Museo Os Oleiros - Jose María Kaydeda (vista interior deste)*

O 9 de xullo de 1998, na sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Oleiros, por unanimidade dos membros asistentes da Corporación municipal, foi nomeado Fillo Adoptivo de Oleiros.

José María Kaydeda faleceu o 15 de novembro de 2006, á idade de 86 anos. As súas cinzas, como fora o seu desexo, guindáronse pola costa de Oleiros. Os seus veciños e veciñas gardarán a súa memoria a través dun legado histórico, simbólico e inmorredoiro.



*Chegada das pezas de olería ás Torres de Santa Cruz*

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- “**El ARTISTA José María Kaydeda, fallecido ayer, será incinerado hoy en Feáns**”. En: **La Voz de Galicia** [en liña]. 16/11/2006. Disponible en: [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/2006/11/16/artista-jose-maria-kaydeda-fallecido-ayer-sera-incinerado-hoy-feans/0003\\_5291373.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/2006/11/16/artista-jose-maria-kaydeda-fallecido-ayer-sera-incinerado-hoy-feans/0003_5291373.htm) [Consulta 20/09/2017]
- ÁVILA, José Vicente. “**Kaydeda filtró el paisaje conquense en algunos de sus cuadros**”. En: **El blog de Cuencávila. Páginas de mi desván** [en liña]. 09/10/2015. Disponible en: <http://www.elblogdecuencavila.com/> [Consulta 20/09/2017]
- BAUTISTA Sanz, Juan. “**Misterio y cultura**”. En: **La Opinión de Murcia** [en liña]. 10/01/2010. Disponible en: <http://www.laopiniondemurcia.es/opinion/2010/01/10/misterio-cultura/222351.html> [Consulta 20/09/2017]
- “**CÓMO se gestó el facsímil del Codex Calixtinus**”. En: **Codex Calixtinus** [en liña]. Disponible en: <https://codexcalixtinus.es/como-se-gesto-el-facsimil-del-codex-calixtinus/> [Consulta 20/09/2017]
- GÓMEZ, Victoria. “**Memoria de la Universidad de Mayores Experiencia Recíproca UMER (2004-2009)**”. En: **UMER** [en liña]. Disponible en: [umer.es/wp-content/uploads/2015/05/n57.pdf](http://umer.es/wp-content/uploads/2015/05/n57.pdf) [Consulta 20/09/2017]
- “**HOMENAJE a José María Kaydeda**”. En: **El ojo crítico** [en liña]. 12/09/2013. Disponible en: <http://elojocritico.info/homenaje-a-jose-maria-kaydeda/> [Consulta 20/09/2017]



## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- JORGE, Teresa. “*La Comunidad de Madrid y la Xunta querían estas piezas*”. En: *La Opinión* [en liña]. 19/05/2013. Disponible en: <http://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2013/05/19/teresa-jorge-comunidad-madrid-xunta-querian-piezas/723542.html> [Consulta 20/09/2017]
- KARKALLÓN, Eugenio. “*José María Kaydeda. Una colección diferente*”. En: *El Blog de Karkallon* [en liña]. Disponible en: <http://karkallon.blogspot.com.es/2013/11/jose-maria-kaydeda-una-coleccion.html> [Consulta 20/09/2017]
- “*José María KAYDEDA*”. En: *El País* [en liña]. 31/05/1987. Disponible en: [https://elpais.com/diario/1987/05/31/ultima/549410403\\_850215.html](https://elpais.com/diario/1987/05/31/ultima/549410403_850215.html) [Consulta 20/09/2017]
- KAYDEDA, José María. *O milenio, a apocalipse e a fin do mundo. Toda a verdade sobre a gran mentira*. Noia: Toxosoutos, [1999]
- KAYDEDA, José María. “*Al filo del tiempo*”: *cuentos casi soliloquios*. Madrid: Kaydeda Ediciones, [1991]
- KAYDEDA, José María. *Arredor da súa obra*. [Barcelona]: sn., [1970]
- MANRIQUE, Emilio e ABADÍA, Ana Rosa. “*El admirable legado de un coleccionista: Kaydeda y Oleiros*”. En: *Revista Alfahar* [en liña]. Asociación de Amigos de la Cerámica Decorada y la Alfarería (Alfacer), nº 1, 2013, páxs. 46-48. Disponible en: [www.morillodetou.com/sites/default/files/imgs\\_entorno/alfahar\\_1\\_2013.pdf](http://www.morillodetou.com/sites/default/files/imgs_entorno/alfahar_1_2013.pdf) [Consulta 20/09/2017]

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- MOSKOWICH, Roberto L. “*El museo José María Kaydeda guarda una de las mejores colecciones de alfarería de Europa*”. En: *Fedellando* [en liña]. 14/07/2015. Disponible en: <http://fedellando.com/coruna/el-museo-jose-maria-kaydeda-guarda-una-de-las-mejores-colecciones-de-alfareria-de-europa/2015/07/> [Consulta 20/09/2017]
- **MUSEO Os Oleiros José M<sup>a</sup> Kaydeda. Centro Cultural As Torres de Santa Cruz.** Oleiros: Concello, [1995]
- “**MUSEO Os Oleiros José María Kaydeda**”. En: *Escapada rural* [en liña]. Disponible en: [https://www.escapadarural.com/que-hacer/oleiros\\_a-coruna/museo-os-oleiros-jose-maria-kaydeda](https://www.escapadarural.com/que-hacer/oleiros_a-coruna/museo-os-oleiros-jose-maria-kaydeda) [Consulta 20/09/2017]
- “**MUSEO Os Oleiros José María Kaydeda**”. En: *Turismo de Galicia* [en liña]. Disponible en: [http://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/11547/museo-os-oleiros-jose-maria-kaydeda-?langId=gl\\_ES](http://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/11547/museo-os-oleiros-jose-maria-kaydeda-?langId=gl_ES) [Consulta 20/09/2017]
- “**MUSEO Os Oleiros José María Kaydeda**”. En: *La ventana del arte* [en liña]. Disponible en: <https://www.laventanadelarte.es/centro/museo-os-oleiros-jose-maria-kaydeda/galicia/oleiros> [Consulta 20/09/2017]
- **OLEIROS en terra: Museo dos Oleiros José María Kaydeda.** Oleiros: Concello, [199?]
- SILVEIRA, Elena. “*Kaydeda tendrá su museo en el castillo*”. En: *La Voz de Galicia* [en liña]. 24/04/2017. Disponible en: [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/oleiros/2017/04/24/kaydeda-tendra-museo-castillo/0003\\_201704H24C6994.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/oleiros/2017/04/24/kaydeda-tendra-museo-castillo/0003_201704H24C6994.htm) [Consulta 20/09/2017]

*“E así aconteceu cada ano. A Pardela fixose famosa, porque os que vivían naquel edificio fórona coñecendo, e aínda que algúns non crían na amizade entre as aves e os homes, a maioría si o creu e ían vela e acariñaban a Pardela, porque o seu amigo, que sabía compartir o amor, falaba dela.”*

Texto extraído do relato **A Pardela**  
que figura en:  
García Gómez, Valentín (Coordinador).  
**Homenaxe Anisia Miranda**





Anisia Miranda naceu o 30 de decembro de 1932 na cidade cubana de Ciego de Ávila, aínda que as súas orixes son galegas. O seu pai, Faustino Miranda, procedía dunha aldea ourensá de Vereia e a súa nai, Teresa Fernández, dunha aldea de Celanova. Chegaron a Cuba en 1927 onde o clima social era tenso debido ao goberno do tirano Gerardo Machado. A situación agrávase a partir da crise económica de 1929 que terá un alcance mundial. Ante estas circunstancias, o seu pai cambiou a pequena tenda de ultramarinos da que vivían por un anaco de terra preto da cidade para dedicarse á agricultura. Anisia non tiña preto ningunha escola onde ir, mais aprendeu ler grazas ao seu pai e a un veciño. Ante a falta de relación con outros rapaces, refuxiouse no contacto coa natureza, coas árbores e os animais que poboarán as páxinas de boa parte da súa obra posterior. Mais antes de

cumprir os nove anos, consciente dos seus escasos coñecementos, enfróntase aos pais para que lle permitan acceder a unha educación regrada. É por este motivo que eles venden as terras para residir na Habana onde instalan unha tenda de comestibles.

Unha vez finalizada a etapa escolar pasa a Maxisterio onde obtén notas brillantes, premios e galardóns. Completa os seus estudos con clases privadas de inglés e piano. Tras rematar Maxisterio comeza a carreira de Xornalismo en Cuba que vai acabar en Arxentina porque os seus pais decidiron deixar o país debido á inestabilidade e tamén para estar máis preto da familia. En Bos Aires inscríbese no Instituto Grafotécnico e entra en contacto coas actividades galeguistas que levan a cabo exiliados e emigrantes. Precisamente nunha conferencia sobre Rosalía de Castro coñece a Xosé Neira Vilas que tamén estudaba xornalismo. Fanse amigos, Anisia interésase polas Mocidades





Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas o día do seu casamento o 21 de febreiro de 1957

Galeguistas ao tempo que acrecenta o contacto coa súa terra e a súa lingua, da que os seus pais case non lle falaran. Asiste xunto a Neira Vilas a clases de galego impartidas por Blanco Amor para a AGUEA (Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas) onde tamén recibe clases de Xeografía, Historia, Arte e Economía.

Anisia e Neira fanse mozos mentres continúan a estudar e rematan casando en febreiro de 1957. A escritora cubana, amante da lec-

tura e traballadora infatigable, participou xunto ao seu home nas actividades galeguistas que se desenvolveron nese período na capital arxentina. Colaborou activamente no Congreso da Emigración que tivo lugar en 1956, na fundación da editorial Follas Novas, esencial para a publicación e distribución de obras galegas en toda América e onde viu a luz en 1960 o seu poemario *Esta es Cuba, hermano*. Participou tamén en montaxes de exposicións sobre o libro galego, animou os relatorios sobre cultura galega e contribuíu á creación da Asociación Arxentina de Fillos de Galegos, entre outras actividades. Tamén colaboraba na prensa da emigración e publicou o seu primeiro traballo en prosa escrito en galego en 1958 sobre o centenario do casamento de Rosalía de Castro e Manuel Murguía. Alí afianzou a súa amizade con outros galegos da importancia de Luís Seoane, Suárez Picallo, Emilio Pita, Rafael Dieste, Díaz Pardo ou Laxeiro, entre outros.



Anisia Miranda, Otero Pedrayo e Neira Vilas. 1959

Malia todo, desexaba volver a Cuba, sobre todo a raíz da Revolución cubana de 1959. Non o fará ata 1961 xunto ao seu home e ao seu pai. Cando volve, involucrarase co novo réxime político sobre todo no eido cultural. Comeza a traballar como redactora da revista do Consello Nacional de Cultura *Pueblo y cultura* que dirixía o escritor Alejo Carpentier. Dous anos despois entra a traballar na *Editora Juvenil*, administra por algún tempo a *Editorial Nacional* e escribe a obra *Mitos y leyendas de la Antigua Grecia*, un dos libros cos que alcanzará



A parella contemplando a Ría de Viveiro. 1972




En Sargadelos. 1972



En Sargadelos. 1972

máis sona. Máis tarde pasou a traballar como xefa de redacción do seminario infantil *Pioneiro* e pouco despois asesorou a *Editorial Gente Nueva*. A súa actividade cultural complétase durante estes anos coa dirección dun programa radiofónico feminino, a escritura dalgúns contos para a radio, a colaboración coa comisión Histórico-Cultural do Comité Nacional de Solidariedade con Vietnam, o asesoramento na sección de literatura infantil na Casa das Américas e o

seu traballo como redactora na *Revista Química*. En 1980 crea a revista infantil *Zunzún*, para a que escribe durante dez anos e que compaxina coa publicación a partir de 1985 doutra revista creada por ela, *Bijirita*, pensada para nenos máis pequenos. Ademais deste labor inxente no eido da cultura,



O matrimonio xunto a Isacc Díaz Pardo en Sargadelos. 1972



*No Auditorio do Museo Carlos Maside, na presentación das revistas *Zunzún* e *Nijirita* no ano 1986*

Anisia Miranda formou parte da Unión de Periodistas de Cuba e foi membro fundadora da Unión de Escritores de Cuba.

Tal e como se indica na guía do Roteiro Cultural de 2017, en Cuba establecéronse os primeiros contactos entre o matrimonio e o Concello de Oleiros. En 1984 Anisia e Xosé Neira Vilas coñecen na illa ao actual alcalde, Ángel García Seoane (Gelo) e transmítenlle o seu desexo de volver a Galicia definitivamente. Aínda que o matrimonio pasaba tempadas nesta beira do Atlántico na casa

de Isaac Díaz Pardo, a partir de 1989, data na que se inaugura o centro de secundaria de Perillo que leva o seu nome, o alcalde xunto con outros persoeiros, axilizan os trámites para que poida ser efectivo o regreso en 1992. Para a relación que o matrimonio manterá con Oleiros será fundamental o ano 1989. O 26 de abril Xosé Neira Vilas e a súa muller Anisia Miranda chegaron a Oleiros e aloxáronse no hotel Portocobo, en Santa Cruz. Ese mesmo día comunicáronlle a Xosé Neira, o alcalde e mais o concelleiro de Oleiros que querían poñerlle o



*Anisia e o seu esposo no acto inaugural do instituto de Perillo*





Visita de Anisia Miranda e Neira Vilas ao Instituto de Perillo o 3 de maio de 1989

seu nome a un novo instituto en Perillo. E, a pesar de negarse ao principio, acabárono convencendo diso, así como de asistir á festa

de inauguración. O día 2 de maio celebrouse a apertura do instituto perillán onde Xosé Neira e Anisia Miranda se reencontraron con vellos amigos. Tamén se lles fixo entrega da Medalla Castelao que lle concederan o ano anterior. Uns días despois, concretamente o 6 de maio asistiron a un acto público no que se presentou a 15ª edición de *Memorias dun neno labrego* e, cando finalizou, acudiron á festa de despedida que lles ofreceu o Concello no hotel para, finalmente, o 9 de maio partir cara a Cuba.

En 1992, unha vez xubilados, Anisia e Xosé deciden volver á terra. Instálanse definitivamente na aldea natal de Neira Vilas, Gres, pertencente ao concello de Vila de Cruces en Pontevedra. Alí crean a Fundación Neira Vilas da que Anisia foi vicepresidenta. Como tal traballa arreo organizando a súa biblioteca e participando en todas as actividades culturais que se promoven: exposicións, concertos, posta en marcha do Museo Etno-



*Presentación do libro de Fidel Castro traducido por Neira Vilas, o 26 de xullo de 1990 na Casa Charry*

de Vietnam, polo seu traballo de solidariedade con aquel país, na Galiza como a homenaxe no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra en 2005 (xunto a Neira Vilas), entre outros moitos recoñecementos. Así mesmo, mantén intacta a boa relación con Oleiros, xa que colaborou en múltiples iniciativas culturais, moitas delas relacionadas con campañas a favor do pobo cubano, así como co instituto Neira Vilas. Este vínculo co Concello tamén alimenta a súa obra. Un exemplo é o relato *Pardela, amiga* publicado en 1990 polo propio Concello. O texto está protagonizado por Cincenta, a pardela que durante quince anos, desde 1985 ata 2000, facía todos os veráns unha parada en Santa Cruz, xunto ao hotel Portocobo. Ao cabo dos anos, Cincenta fixose co cariño de todos os oleirenses que agardaban a súa volta cada verán.

gráfico, encontros, representacións teatrais... ata o seu pasamento, en outubro de 2009. Incluso axudaba os pequenos do lugar coas súas tarefas escolares cando acudían á Fundación.

Mentres vivía en Gres concedéronlle diversos premios desde Cuba como a Medalla Raúl Gómez García da Unión de Escritores e Artistas de Cuba e a Medalla pola Cultura Nacional, do Ministerio de Cultura. Tamén desde Vietnam, onde lle outorgaron a Medalla Ho Chi Minh e a Orde da Amizade do Consello de Ministros

## BIBLIOGRAFÍA DA SÚA OBRA

### ▼ En castelán:

- *Esta es Cuba, hermano*. Bos Aires: Editorial Follas Novas, 1960
- *Los cuentos del Compay Grillo*. A Habana: Editorial Pueblo y Educación, 1965
- *Mitos y leyendas de la antigua Grecia*. A Habana: Editora Juvenil, 1966
- *Lidia tiene un Cocuyo*. A Habana: Editora Juvenil, 1968
- *Vietnam y tú*. A Habana: Gente Nueva, 1970
- *La locomotora que no quiso ser vieja*. A Habana: Gente Nueva, 1971
- *El tractor pionero*. A Habana: Gente Nueva, 1977
- *La primeira aventura*. A Habana: Gente Nueva, 1974
- *Treinta días en Vietnam*. A Habana: Letras Cubanas, 1981
- *Cuando Che era Ernestito*. A Habana: Editora Abril, 1983
- *Las vacaciones de Lidia*. A Habana: Gente Nueva, 1984
- *Juanito conoció a la luna*. A Habana: Gente Nueva, 1984
- *La casa nueva de mis abuelos*. A Habana: Gente Nueva, 1984
- *La casa de los títeres*. A Habana: Editora Abril, 1986
- *Pepe Martí*. A Habana: Editora Abril, 1988

## BIBLIOGRAFÍA DA SÚA OBRA

### ▼ En galego:

- *Mitos e lendas da vella Grecia*. Sada: Edicións do Castro, 1983
- *Os contos do Compay Grilo*. Sada: Edicións do Castro, 1984
- *Pardela amiga*. EN: *Pardela, amiga e unha recopilación de textos para as amantes e os amantes deste maravilloso planeta, e os seres que nel habitamos*. Oleiros: Fundación Municipal de Cultura, Ourizo Verde Edicións, 1990
- *A volta do Compay Grilo*. Sada: Edicións do Castro, 1990
- *A primeira aventura*. Sada: Edicións do Castro, 1991
- *A casa dos títeres*. Sada: Edicións do Castro, 1993
- *A cama, a bolboreta e o paxariño*. A Coruña: Edicións do Castro, 1998

### ▼ Con Xosé Neira Vilas:

- *Cantarolas e contos prá xente miúda*. Madrid: Akal, 1975
- *Cantarolas*. Vigo: Xerais, 1995



## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB CONSULTADAS SOBRE A SÚA VIDA

- “**ANISIA Miranda**”. EN: **Kalandraka** [en liña]. Dispoñible en: <http://www.kalandraka.com/ga/autores/detalle/ficha/miranda/> [Consulta 04.08.2017]
- “**ANISIA Miranda: su homenaje de ida y vuelta**”. EN: **Caibarien** [en liña] [consulta 4.8.1727.10.2010]. Dispoñible en: <http://cntvcaibarien.blogspot.com.es/2010/10/anisia-miranda-su-homenaje-de-ida-y.html> [Consulta 04.08.2017]
- “**ANISIA Miranda**”. EN: **Bemilladoiro** [blog] [25.10.09]. Dispoñible en: <http://bemilladoiro.blogspot.com.es/2009/10/> [Consulta 04.08.2017]
- “**ANISIA Miranda**”. EN: **ECURED** [en liña]. Dispoñible en: [https://www.ecured.cu/Anisia\\_Miranda](https://www.ecured.cu/Anisia_Miranda) [Consulta 04.08.2017]
- “**ANISIA Miranda**”. EN: GALIPEDIA [en liña]. Dispoñible en: [https://gl.wikipedia.org/wiki/Anisia\\_Miranda](https://gl.wikipedia.org/wiki/Anisia_Miranda) [Consulta 04.08.2017]
- “**ANISIA Miranda: polifacética promotora da cultura galega dentro e fora de Galicia**”. EN: ÁLBUM DE MULLERES [en liña]. Dispoñible en: <http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=218> [Consulta 04.08.2017]
- ARMAS FONSECA, Paquita. “**Anisia Miranda: la escritora que rescató a Ernestito**”. EN: **La Jiribilla: revista de cultura cubana** nº 442 [en liña] 24 ao 30 outubro 2009. Dispoñible en: [http://epoca2.lajiribilla.cu/2009/n442\\_10/442\\_24.html](http://epoca2.lajiribilla.cu/2009/n442_10/442_24.html) [Consulta 04.08.2017]
- BREA, Fran. “**Anisia Miranda fue recordada ayer en Gres en el quinto aniversario de su muerte**”. EN: **La Voz de Galicia** [en liña][27.10.2104]. Dispoñible en: [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/deza/vila-de-cruces/2014/10/27/anisia-miranda-recordada-ayer-gres-quinto-aniversario-muerte/0003\\_201410P27C2991.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/deza/vila-de-cruces/2014/10/27/anisia-miranda-recordada-ayer-gres-quinto-aniversario-muerte/0003_201410P27C2991.htm) [Consulta 04.08.2017]

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB CONSULTADAS SOBRE A SÚA VIDA

- CASAL, José Manuel. **“Recordando a Neira Vilas e Anisia Miranda en Cabana”**. EN: *La Voz de Galicia* [en liña]. 23/11/2016. Dispoñible en: [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/cabana-de-bergantinos/2016/11/23/recordando-neira-vilas-anisia-mirandacabana/0003\\_201611C23C10991.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/cabana-de-bergantinos/2016/11/23/recordando-neira-vilas-anisia-mirandacabana/0003_201611C23C10991.htm) [Consulta 04.08.2017]
- **“DESPEDIDA emotiva al escritor Neira Vilas, fundador de la Asociación de Amizade Galego-Cubana Francisco Villamil”**. EN: *Solidaridad con Cuba* [web] [30.11.2015]. Dispoñible en: <http://www.cubainformacion.tv/index.php/solidaridad-con-cuba/65949-despedida-emotiva-al-escritor-neira-vilas-fundador-de-la-asociacion-de-amizade-galego-cubana-qfrancisco-villamilq--fotos> [Consulta 04.08.2017]
- **DICCIONARIO da literatura galega. Tomo I: autores**. Vigo: Galaxia, 1995. Páx. 97-98
- **“FALLECE la escritora Anisia Miranda, esposa del literato Xosé Neira Vilas”**. EN: *Galicia en el mundo* [en liña]. 26.10.2009. Dispoñible en: <http://www.cronicasde laemigracion.com/articulo/galicia/fallece-escritora-anisia-miranda-esposa-literato-xose-neira-vilas/20091026111230017765.html> [Consulta 04.08.2017]
- **“FALLECIÓ la destacada escritora Anisia Miranda”**. EN: *Diario Granma* [en liña]. 25.10.2009. Ano 13. Número 299. Dispoñible en: <http://www.granma.cu/granmad/2009/10/25/cultura/artic03.html> [Consulta 04.08.2017]
- FERNÁNDEZ PAZ, Agustín. **Os libros infantís galegos**. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura e Deportes, 1989. Páx. 28, 62
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco. **Diccionario de escritores en lingua galega**. Sada: Edicións do Castro, 1990. Páx 280-281

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB CONSULTADAS SOBRE A SÚA VIDA

- **FUNDACIÓN Xosé Neira Vilas** [en liña]. Disponible en: <http://www.fundacionxosoneiravilas.com/>
- “**La FUNDACIÓN Neira Vilas homenajeo a la escritora Anisia Miranda con música y poesía**”. EN: *La Voz de Galicia* [en liña]. 4.11.2013. Disponible en: [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2013/11/04/fundacion-neira-vilas-homenajeo-escritora-anisia-miranda-musica-poesia/0003\\_201311P4C2993.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2013/11/04/fundacion-neira-vilas-homenajeo-escritora-anisia-miranda-musica-poesia/0003_201311P4C2993.htm) [Consulta 04.08.2017]
- GARABANTES, M. “**Neira Vilas presentó Con Anisia Miranda na Costa da Morte**”. EN: *La Voz de Galicia* [en liña]. 21.10.2014. Disponible en: [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2014/10/21/neira-vilas-presento-anisia-miranda-na-costa-da-morte/0003\\_201410D21C12994.htm#](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2014/10/21/neira-vilas-presento-anisia-miranda-na-costa-da-morte/0003_201410D21C12994.htm#) [Consulta 04.08.2017]
- GARCÍA GÓMEZ, Valentín (Coord.). *Homenaxe Anisia Miranda*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2010
- GARCÍA LAZA, Tamara Caridad . “**La obra literaria de Anisia Miranda Fernández: su aporte a la educación de niños y jóvenes**”. EN: *Revista Atlante: Cuadernos de Educación y Desarrollo (maio 2016)*. Disponible en: <http://www.eumed.net/rev/atlante/2016/05/anisia.html>  
<http://hdl.handle.net/20.500.11763/ATLANTE-2016-05-anisia> [Consulta 04.08.2017]
- GÓMEZ SÁNCHEZ, Anxo e QUEIXAS ZAS, Mercedes. *Historia Xeral da Literatura Galega*. Vigo: A Nosa Terra, 2001. Páx. 298

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB CONSULTADAS SOBRE A SÚA VIDA

- **“GRES y Cuba se alían para loar a Anisia”**. EN: *Cibercuba* [en liña]. 25/10/2015. Disponible en: <https://www.cibercuba.com/noticias/2010/10/25/gres-y-cuba-se-alian-para-loar-anisia->[Consulta 04.08.2017]
- **“HOMENAJE a Anisia Miranda Fundación Neira Vilas”** [fotografía]. EN: *El Correo Gallego* [en liña]. Disponible en: <http://www.elcorreogallego.es/fotos/ecg/homenaje-anisia-miranda-fundacion-neira-vilas/idGaleria-7500/idImagen-1/> [Consulta 04.08.2017]
- **“HOMENAJE el 24 a Anisia Miranda en Gres en el sexto aniversario de su muerte”**. EN: *La Voz de Galicia* [en liña]. 22/10/2015. Disponible en: [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/deza/2015/10/22/homenaje-24-anisia-miranda-gres-sexto-aniversario-muerte/0003\\_201510D22C6995.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/deza/2015/10/22/homenaje-24-anisia-miranda-gres-sexto-aniversario-muerte/0003_201510D22C6995.htm) [Consulta 04.08.2017]
- LONGHINI, Nora (ed.). *Neira Vilas, os anos en Arxentina, 1949-1961: textos recuperados*. Vigo: Galaxia, 2008
- MARCO, Aurora. *Diccionario de mulleres galegas: (das orixes a 1975)*. Vigo: Promocións Culturais Galegas; Xunta de Galicia, 2007. Páx. 281-282
- **“MIRANDA, Anisia”**. EN: *GRAN Enciclopedia Galega*. Santiago: Silveiro Cañada, 1974. T. 29, páx. 61
- **“MIRANDA, Anisia”**. EN: *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Lugo: El Progreso, 2003. T. 29, páx. 205-206
- **“MIRANDA, Anisia”**. EN: *Enciclopedia Galega Universal*. Vigo: Ir Indo, 2002. T. 12, páx. 126



## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB CONSULTADAS SOBRE A SÚA VIDA

- NEIRA VILAS, Xosé. *Vinte anos retornando*. Vigo: Xerais, 2006
- NICOLÁS, Ramón. “*Cantarolas, de Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas*”. EN: *Caderno da crítica* [en liña]. 11/12/2015. Dispoñible en: <https://cadernodacritica.wordpress.com/2015/12/11/cantarolas-de-anisia-miranda-e-xose-neira-vilas/> [Consulta 04.08.2017]
- “*Los NIÑOS, “o paspallás e o sol” recuerdan a Anisia Miranda*”. EN: *El Progreso* [en liña]. 24/10/2015. Dispoñible en: <http://elprogreso.galiciae.com/etiquetas/anisia-miranda> [Consulta 04.08.2017].
- PAZ GAGO, José María. “*Galicia y América*”. EN: *Encuentros en Verines (Asturias), 2006* [en liña]. Dispoñible en: <http://www.mecd.gob.es/lectura/pdf/271.pdf> [Consulta 04.08.2017]
- PUGA, Natalia e TORRADO, Diego. “*Xosé Neira Vilas, Ángel Carracedo, Loli Beloso o cómo la literatura puede desbancar un Madrid-Barça*”. EN: *Pontevedra viva* [en liña] 21/11/2015. Dispoñible en: <http://pontevedraviva.com/cultura/24142/loli-beloso-neira-vilas-angel-carracedo-libro-tomeza/?lang=es> [Consulta 04.08.2017]
- ROIG RECHOU, Blanca-Ana (coord.). *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Xerais, 2015. Páx. 78, 86, 96, 105, 152
- SALGADO, Daniel. “*Morre a escritora cubano galega Anisia Miranda*”. EN: *El País* [en liña]. 23/10/2009. Dispoñible en: [https://elpais.com/diario/2009/10/23/galicia/1256293109\\_850215.html](https://elpais.com/diario/2009/10/23/galicia/1256293109_850215.html) [Consulta 04.08.2017]

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB CONSULTADAS SOBRE A SÚA VIDA


- VÁZQUEZ MUÑOZ, Luis Raul. “*Rendirán homenaje a Anisia Miranda en Ciego de Ávila*”. EN: *Diario de la juventud cubana* [en liña]. 19/12/2012. Disponible en: <http://www.juventudrebelde.cu/cultura/2012-12-19/rendiran-homenaje-a-anisia-miranda-en-ciego-de-avila/> [Consulta 04.08.2017]
- VILAVEDRA, Dolores. *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia, 1999. Páx. 252-253
- VVAA. *Literatura galega século XX*. Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2001. Páx. 297
- VV.AA. *Galicia. Literatura v. XXXIV*. A Coruña: Hércules de Ediciones, 2000. Páx.408
- VV.AA. *A nosa literatura: unha interpretación para hoxe (II)*. A Coruña: Edicións Xistral, 1985. Páx. 89
- VVAA. *Historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra, 1996. Vol. 5, páx. 1304, 1305, 1311, 1312, 1334
- VVAA. *Diccionario da literatura galega I. Autores*. Vigo: Galaxia, 1995. Páx. 387-388



*“Chegou a República, Vitoliñas foise coa familia para Madrid, logo chegou a gran traxedia da Guerra Civil e todo se perdeu. Por fin nos anos cincuenta puideron saír e chegar a París para visitala no seu estudio da rue Vaugirard, onde pasamos una tarde enteira falando de tantísimas lembranzas coruñesas, das festas do College Française, da vella casa de Panadeiras, dos riquísimos bolos que facía a súa nai Gloria, de Montrove... e do correr das ondas do Orzán.”*

Tenreiro, Antonio **“María Casares”**.

Artigo publicado en La Voz de Galicia en novembro de 1996 con motivo da morte da súa amiga María Casares



T

enreiro Brochón nace en 1923, na Coruña, no seo dunha familia ilustrada e de vea artística. Seu pai, Antonio Tenreiro Rodríguez, arquitecto do coruñés Banco Pastor, edificio Barrié e outras obras como o mercado de San Agustín, oriéntao desde a nenez cara ao estudo da arquitectura, e súa nai, de orixe francesa e deseñadora de sombreiros, Mathilde Brochón Reinmann,



*Foto de familia e amigas no que vemos a Antonio Tenreiro acompañado de María Casares e María Wonenburger, entre outros*



*Antonio de neno, nunha foto na Coruña*

agarímao no estudo das linguas, da música e da lectura. Ao coñecemento da lingua materna hai que engadir o uso da lingua galega aprendida nas vacacións familiares en Pontedeume onde veranea durante a súa infancia. A lingua galega vaina empregar en momentos de intimidade e carga emotiva como na necrolóxica que realiza a María Casares, tras a noticia da súa morte.





*Antonio coas súas dúas irmás*

Rivera (1916), José M<sup>a</sup> Labra (1925), Vázquez Molezún (1922). Todos eles veñen sendo fillos dunha elite burguesa liberal que configurou a Coruña progresista de finais do século XIX e primeiro terzo do século XX. Neste ámbito social no que transcorre a súa nenez, axiña comeza clases de debuxo e pintura, aínda que as primeiras letras cúrsaas no Colexio Francés da Coruña onde coincide con María Casares e continuará no centro Eusebio da Guarda, no que tamén estuda María Wonenburger e onde hoxe estudan os seus netos. Xa con 16 anos está matriculado na prestixiosa Escola de Artes e Oficios, sita na praza de

Antonio Tenreiro a carón dos seus irmáns medra neste ambiente culto e amante das artes. El mesmo di na súa biografía que lembra andar debuxando e agasallando coas súas pinturas desde ben neno. Teremos que destacar que o noso protagonista, Antonio Tenreiro Brochón (1923) pertence a unha xeración de figuras coruñesas tan importantes como María Casares (1922), María Wonenburger (1927), Lago

Pontevedra da Coruña. A recoñecida escola pola que pasou Picasso, Lloréns, Abelenda etc.

O noso pintor, sempre co apoio e consello familiar, leva a cabo durante a adolescencia e a mocidade unha vida encamiñada á preparación do ingreso na Escola Superior de Arquitectura de Madrid, que se vai converter na súa profesión, mais tamén dedicado a unha vocación como é a pintura, que sempre o acompañará. A partir dos 13 anos xa atopamos cadros asinados, que son do entorno biográfico como paisaxes de Pontedeume, Betanzos e A Coruña e con inclinación pola acuarela e mesmo a presenza do autorretrato que sempre traballou e a través deles podemos enxergar a súa evolución vital e pictórica.

Na capital coruñesa as figuras sobranceiras no ámbito da pintura son Sotomayor, Lloréns, Abelenda e Seijo Rubio, referentes pictóricos respectados e ben considerados



*Estudando en Madrid a carreira de arquitectura*

no rigor academicista e conservador dos tempos franquistas. Á contracorrente chegan os novos con arelas de ruptura e interesados noutros temas e paletas de cores. Os recién chegados -Lago, Labra e Tenreiro- van expoñer os seus cadros na librería de Lino Pérez, situada na rúa Real coruñesa, fóra de ambientes máis formais e distinguidos,



Santa Cristina. Antiga fábrica de cervexas. Acuarela. 1947

nunha esmerada elaboración expresionista. A galería de Lino Pérez e a revista Atlántida -na que participa cun total de 15 debuxos- serán os espazos de expresión de Tenreiro e dos novos pintores coruñeses. As sinaturas que na revista atopamos son as da intelectualidade coruñesa: Lugrís, Labra, González Pascual e o escritor González Garcés entre outros.

A partir de 1942 instálase en Madrid. A capital ábreille outras oportunidades e relacións diferentes. O pobre dinamismo cultural oficial da época franquista queda en segundo plano ante

e igual que sucedeu cos impresionistas en 1874, os seus cadros foron cualificados de pouco serios e mesmo extravagantes.

Tenreiro conta con dúas exposicións individuais neste espazo, e tendo máis a man o óleo ofrece temas clásicos como bodegóns, paisaxes, praias etc., mais a súa visión persoal amosa un impresionismo e colorido moi subxectivos e senlleiros co emprego da cor para os diferentes pla-

a actividade cultural que ofrecen as embaixadas estranxeiras e o pulo cosmopolita de Tenreiro, aprendido desde a súa familia, fai que se abra ao coñecemento das tendencias plásticas. A obrigaón dos estudos de arquitectura non impiden que continúe pintando e realice exposicións (1943), na importante galería Biosca e que entre en contacto con figuras tan importantes como Benjamín Palencia. O movemento artístico que dinamiza Palencia, denominado a Escola de Vallecas, e mais os grupos artísticos madrileños que se reúnen arredor da galería Buchholz lévano ao descubrimento




*Escola de Arquitectura de Madrid. Acuarela*



*Descubriendo a luz de Castela*

to da paisaxe de Castela, que vai percorrer para pintala ao natural. Así coas viaxes rápidas na súa moto e botando man de técnicas lixeiras como acuarelas e gouache plasmará as paisaxes de Toledo, Cuenca, Alcarria etc. Tenreiro, abraiado ante as chairas castelás e os seus

plasmará as paisaxes de Toledo, Cuenca, Alcarria etc. Tenreiro, abraiado ante as chairas castelás e os seus



inmensos horizontes, pintará inéditas cores azuis, vermellas e amarelas. Grazas ás técnicas de debuxo, produto dos seus estudos técnicos, acadará a concesión do importante premio da Primeira Bienal Hispanoamericana de Madrid (1951). Destacan desta etapas cadros como **Guadarrama**, **Pedraza**, **Montes de Toledo** entre outros. Mais en Madrid, malia a súa enorme dedicación ao traballo, non abandona a amizade e comparte momentos da vida bohemia e artística cos seus grandes amigos coruñeses Vázquez Molezún e Lago Rivera, quen comeza a ser



*Antonio Tenreiro co seu amigo da infancia Ramón Vázquez Molezún en Muxía. 1960*


recoñecido. Nesta etapa madrileña ábrese ao coñecemento de Castela, goza dos encontros cos seus contemporáneos e con artistas xa consagrados como Vázquez Díaz, Gregorio Prieto, o sevillano Joaquín Valverde e o pintor Gerardo Rueda. A arquitectura é nestes intres un instrumento para



ir sobrevivindo, a paixón e a vida de Tenreiro están coa pintura.

Regresa a Coruña arredor de 1956 con proxectos futuros de arquitectura. Por outra parte sabe que seus pais precisan do seu apoio anímico nunha capital provinciana que perdera o dinamismo cultural e el mesmo pasará por unha etapa que na súa pintura, os críticos denominan “época negra”. Cambia a súa paleta de cores polos grises e negros. Os espazos reflicten soidade, as praias son nocturnas e as tormentas enchen o ceo. Pola contra inda ante este estado anímico realiza moitos proxectos e a noite serve para pintar. Son exemplo deste momento cadros como *Muxía*, *Costa da Morte*, *Borrasca no Orzán*.

Os primeiros traballos de profesión na súa cidade natal enfocan cara a reformas en locais de moda como a Boîte Marux, hoxe perdida, a cervexería Estrella-Galicia que lle deu certa notoriedade local de arquitecto



Alzado de hotel en Beiramar. 1957



Paço d' Arcos. Estoril (Portugal). 1965

innovador e moderno. Estas mesmas características empregou Tenreiro no proxecto do instituto de Betanzos, derrubado desgrazadamente nos anos 80, e que por el recibira o Premio Nacional de Construcións Escolares, igualmente constrúe a casa do seu amigo Labra en Gandarío que leva unha mención honorífica na revista de construción de Benelux Bown. Outra obra moi destacable é o proxecto que



*Instituto Francisco Aguiar en Betanzos*



*Casa cerca da rotonda na Avda. E. Che Guevara en Oleiros*



*Casa Méndez. Ponte da Pasaxe. 1959*



*Poboado do Eume. 1959*



*Fábrica de Coca-Cola*

presenta e realiza nos Peares, unhas casas e dependencias realizadas con poucos recursos e onde o arquitecto consegue sumar renovación e tradición vernacular. Sucede o mesmo coa construción da fábrica de Coca-Cola proxectada en colaboración con Andrés Fernández Albalat, e como obra pública a coñecida Fonte das Paxariñas. No noso concello de Oleiros como arquitecto está a súa man desde 1958 en setenta e dous proxectos de casas particulares polas nove parroquias e tamén no encargo de Claus Tiessen para a fábrica de pinturas hoxe derrubada na N-VI.

Unha faceta vital para Antonio Tenreiro, que o conforma tamén como artista e persoa inquieta, son as viaxes. O descubrimento cultural dos países e das persoas entran a formar parte da súa temática pintora. Nun percorrido polos seus cadros atopamos unha e outra vez, París, Zúrich, Xenebra e estadias en Finlandia e Suecia. Das súas viaxes

a París temos constancia desde 1950, trátase de saídas para visitar os amigos, Lago Rivera, María Casares, e entrar en contacto con outros pintores da Escola de París como Manuel Colmeiro entre outros. En Suíza, Tenreiro visita á familia do seu tío, Ramón Tenreiro Rodríguez, avogado, editor e tradutor, deputado na II República, representando a provincia da Coruña, na candidatura da FRG-ORGA, e que morre no exilio en 1939. Tenreiro coñece estoutra España do exilio, tanto desde a súa familia (seu pai é apartado do seu posto de arquitecto municipal ata que o alcalde Alfonso Molina o repón na súa praza) coma polos seus amigos e mestres pintores como Díaz Pardo e Luis Seoane que lle abrirán as portas do Centro Lucense de Bos Aires para expoñer a súa obra. En 1973 Seoane contará de novo con Tenreiro para participar na exposición colectiva de arte galega, celebrada na Galería Ceibe xuntamente con Díaz Pardo, Lugrís, Colmeiro, Labra e Lago Rivera como representación da mellor vangarda pictórica do noso país.



Suíza. Cera



Entre os anos 58-60 a súa atención encamiñase cara ao norte de Europa. Alí, en Suecia e Finlandia, toma contacto e traballa con importantes arquitectos, feito que lle vai permitir ademais expoñer os seus cadros. Da arquitectura nórdica Tenreiro analiza o mellor aproveitamento da luz, o emprego de materiais como a madeira e o vidro e finalmente a integración da obra na natureza ou no seu medio natural, aspecto este fundamental tanto na obra pictórica como na arquitectura. Isto último formaba parte das súas preocupacións e así pode verse nas casas dos Peares, no vello instituto betanceiro, na casa de Labra e en conxunto nos seus proxectos arquitectónicos. Esta nova descuberta do norte europeo vai-se espellar na obra pictórica e así atopamos fermosismas acuarelas e ceras das paisaxes urbanas de capitais como Helsinki, Bremen, Zúrich e naturalmente París en múltiples ocasións. As súas estadias nestas capitais fan posible diferentes exposicións en Zúrich no Modern Art Center, nas galerías Atelier de



*París. Acuarela*



*Finlandia. Cera. 1961*





Basilea, en Usa de Tampere en Helsinqui e en Malmo, en Suecia. A proxección internacional consolídase grazas á colaboración co Instituto de Cultura Hispánica que conta así cun pintor de paleta vangardista. Son importantes tamén desde o punto de vista plástico os murais que executa para diversos centros e dos que destacamos o da residencia de estudantes A Condesa en Santiago, no instituto de Arzúa, os realizados nos Peares titulado *Alegoría á hulla branca*,



No seu estudio na rúa Vista Alegre. A Coruña. 1962



*Mural para a residencia de estudantes A Condesa, en Santiago de Compostela.*

e na actual xoiería Tous da rúa Compostela da Coruña consérvase unha importante obra **Marina**, que representa a dársena coruñesa.

Desde este mesmo ano 1960 ademais do seu vencellamento profesional, que comeza no ano 58 e remata no 82 no concello, Tenreiro merca unha finca en Montrove, na rúa Pazo do Río. Casualmente polo mesmo



*Casa familiar en Montrove*



*A Coruña. Óleo sobre lenzo. 1970*

lugar polo que transitou a súa amiga da infancia María Casares e o seu tío, Ramón Tenreiro Rodríguez, nas súas visitas a Santiago Casares. Este espazo afectivo oleirense vaise conformar como o recuncho de soidade pictórico desde onde plasmar os seus cadros líricos de paisaxe natural, os momentos familiares coa súa dona e o seu fillo, intres de descanso para o verán e o coidado dunha finca onde a natureza é amada e sentida como algo persoal e propio.



*Outono en Canabal. Óleo sobre táboa. 1975*



*A Coruña. Posta de sol. Óleo sobre táboa. 1984*





Montrove. Paisaxe azul. Óleo sobre táboa. 1984



Montrove. Árbores con fondo. Óleo sobre táboa. 1995



*Mesa en Montrove. Óleo sobre táboa. 1985*



*A Ponte da Pasaxe. Óleo sobre lenzo. 1988*

Desde esta finca de Montrove atopamos numerosos cadros así titulados: *Mesa en Montrove, Comedor e sala de Montrove, Sta. Cristina, antiga fábrica de cervexas* (1947) ou diferentes visións da súa praia, non falta a *Marola, O outono en Canabal*, a *Ponte da Pasaxe* e numerosas paisaxes de Coruña vistas desde o noso concello.

Por último, Antonio Tenreiro Brochón amosa na súa traxectoria o carácter universal da súa





*A Marola. Óleo sobre táboa. 1991*

obra. Os pinceis do noso autor trazan con excelencia e esmero o seu berce coruñés, A Coruña tan fermosamente debuxada e inmortalizada. O paraíso da infancia, Pontevedume, Oleiros, de onde se fai veciño, e en definitiva Galicia. Vemos o mesmo proceso á hora de pintar Castela, París, Suecia, Finlandia ou Suíza e na derradeira etapa da súa vida, Portugal. Son os ollos do artista que carecen de prexuízos e resalta con



*A Coruña. Acuarela*

nobreza todas as paisaxes humanas e naturais polas que foi pasando. Así reflicte a cultura universal na que foi educado, a lingua francesa, castelá, galega, alemá e inglesa nas que conviviu e se desenvolveu e o artista ecoloxista que nos marabilla polo seu tratamento da paisaxe.

Antonio Tenreiro Brochón morre na Coruña o 26 de outubro de 2006, mais a súa obra sempre nos acompañará.

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- **Antonio TENREIRO Brochón web** [en liña]. Disponible en: <http://www.antoniotenreirobrochon.com/> [Consulta 29/09/2017]
- **“Antonio TENREIRO Brochón”**. En: *Proyectos de Estructuras I. Grupo 9* [en liña]. Disponible en: <https://g9pe0809.wordpress.com/proyecto/antonio-tenreiro-brochon/> [Consulta 29/09/2017]
- **“Antonio TENREIRO Brochón”**. En: *Colección BBVA* [en liña]. Disponible en: <https://www.coleccionbbva.com/es/autor/tenreiro-brochon-antonio/> [Consulta 29/09/2017]
- **“Antonio TENREIRO Brochón: bibliografía”**. En: *PINTORES de Galicia* [en liña]. Disponible en: <http://www.pintoresgallegos.com/bibliografia/antoniotenreiro.html> [Consulta 29/09/2017]
- **“Antonio TENREIRO, pintor insurgente”**. En: *La Opinión* [en liña]. 12/11/2012. Disponible en: <http://www.laopinioncoruna.es/cultura/2012/11/12/antonio-tenreiro-pintor-insurgente/663761.html> [Consulta 29/09/2017]
- ASOCIACIÓN de Amigos del Museo de Belas Artes da Coruña. **“Visita a la exposición Antonio Tenreiro”**. En: *Asociación de Amigos* [en liña]. 05/12/2012. Disponible en: <http://www.amigosmuseobbaacoruna.com/visita-a-la-exposicion-antonio-tenreiro/> [Consulta 29/09/2017]
- CEGARRA, Basilio. *Atlas arte Galicia*. Vigo: Nigra, 1995, páx. 86
- CEGARRA, Basilio. *Guía da arte de Galicia*. Vigo: Galaxia, 1992, páx. 449

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- CEGARRA, Basilio. *Guía e rutas da arte I. Épocas e estilos*. Vigo: Galaxia, 1999, páx.140
- **COLECCIÓN autores: Tenreiro Brochón, Antonio**. En: *Museo de Belas Artes da Coruña* [en liña]. Dispoñible en: <http://museobelasartescoruna.xunta.gal/index.php?id=392&ida=7315> [Consulta 29/09/2017]
- **ENCICLOPEDIA Galega Universal EGU**. Vigo: Ir Indo, 1999, vol. 16, páx. 24
- **ENCICLOPEDIA Temática de Galicia**. Arte. Barcelona: Nauta, 1998, páx. 228
- **GALICIA Arte. Arte contemporánea I**. A Coruña: Hércules,1993, vol. XVI, páx. 123-126
- **GRAN Enciclopedia Galega Silverio Cañada**. Lugo: El Progreso, 2003. Vol. 41, páx. 244
- LÓPEZ BERNÁRDEZ, Carlos. *Breve historia da arte galega*. Vigo: Nigra Trea, 2005. Páx. 145
- MALLO, Albino. **“Morre o arquitecto e pintor Antonio Tenreiro”**. En: *El Ideal Gallego* [en liña]. 28/10/2006. Dispoñible en: <http://www.elcorreogallego.es/cultura/ecg/morre-arquitecto-pintor-antonio-tenreiro/idEdicion-2006-10-28/idNoticia-98316/> [Consulta 29/09/2017]
- **MOSTRA “Antón Tenreiro Brochón”**. En: *A Voz de Vilalba* [en liña]. 14/08/2012. Dispoñible en: <http://www.avozdevilalba.gal/2012/08/mostra-anton-tenreiro-brochon.html> [Consulta 29/09/2017]
- **“MUERE Tenreiro Brochón, el diseñador de las Pajaritas”**. En: *La Voz de Galicia* [en liña]. 26/10/2006. Dispoñible en: [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/2006/10/26/0003\\_5229715.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/2006/10/26/0003_5229715.htm) [Consulta 29/09/2017]

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- **“O MUSEO de Belas Artes da Coruña expón a obra do pintor Antonio Tenreiro”**. En: **Corte a Corte** [vídeo][en liña]. 11/11/2012. Dispoñible en: <http://www.crtvg.es:8012/cultural/corte-a-corte/o-museo-de-belas-artes-da-coruna-expon-a-obra-do-pintor-antonio-tenreiro> [Consulta 29/09/2017]
- OBELLEIRO, Paula. **“Mirada atrás sobre Tenreiro”**. En: **El País** [en liña]. 07/09/2012. Dispoñible en: [https://elpais.com/ccaa/2012/09/07/galicia/1347047359\\_333671.html](https://elpais.com/ccaa/2012/09/07/galicia/1347047359_333671.html) [Consulta 29/09/2017]
- PABLOS, Francisco. **A pintura en Galicia = La pintura en Galicia**. Vigo: Nigra Trea, 2003, páx. 164-165
- PADÍN PANIZO, Ángel. **Necrológicas: Antonio Tenreiro Brochón**. En: **Real Academia Gallega de Bellas Artes** [en liña]. Dispoñible en: [http://www.academiagallegabellasartes.org/gestor/archivos/17\(379-382\)Necrologicas.pdf](http://www.academiagallegabellasartes.org/gestor/archivos/17(379-382)Necrologicas.pdf) [Consulta 29/09/2017]
- PENA LÓPEZ, Carmen. **A arte**. Vigo: Galaxia, 1995, páx. 340
- PENAS, Ánxeles. **“Antonio Tenreiro, un maestro”**. En: **El Ideal Gallego** [en liña]. 30/09/2012. Dispoñible en: <http://www.elidealgallego.com/opinion/anxeles-penas/antonio-tenreiro-un-maestro/20120930015203076649.html> [Consulta 29/09/2017]
- RÍO Vázquez, Antonio. **“Dos exemplos brigantinos en la recuperación de la arquitectura moderna”**. En: **Anuario Brigantino** [en liña]. Dispoñible en: [http://anuariobrigantino.betanzos.net/AB2011PDF/2011%20481\\_492\\_Betanzos%20instituto\\_casa%20sindical\\_RIO%20VAZQUEZ.pdf](http://anuariobrigantino.betanzos.net/AB2011PDF/2011%20481_492_Betanzos%20instituto_casa%20sindical_RIO%20VAZQUEZ.pdf) [Consulta 28/09/2017]

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- RÍO Vázquez, Antonio. *La recuperación de la modernidad. Arquitectura gallega entre 1954 y 1973*. Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 2014, páx. 50-51
- RÍO Vázquez, Antonio. “*Ucha y Tenreiro*” En: *El tiempo del lobo* [web]. Disponible en: <http://eltiempodellobo.blogspot.com.es/2014/03/> [Consulta 29/09/2017]
- TENREIRO, Antonio. *Antonio Tenreiro, 1923-2006: Museo de Belas Artes da Coruña, xullo-novembro 2012*. Textos, Pedro Vasco Conde (et al.). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. L. 2012
- TENREIRO, Antonio. “*María Casares*”. En: *La Voz de Galicia*. [ /11/1996]
- TENREIRO, Antonio. *Tenreiro: [exposición] Palacio Municipal de Exposiciones Kiosco Alfonso, La Coruña, 24 de noviembre al 17 de diciembre de 1995*. Textos, Antonio Tenreiro Brochón (et al.). A Coruña: Concello da Coruña, D. L. 1995
- VALVERDE, Iago. “*Igrexa do poboado dos Peares. Antonio Tenreiro Brochón*”. En: *Arquitectura de Galicia* [en liña]. 21/03/2016. Disponible en: <http://arquitecturadegalicia.eu/blog/tag/antonio-tenreiro-brochon/> [Consulta 29/09/2017]
- VASCO, Pedro. “*Antonio Tenreiro*”. En: *Artistas galegos pintores: Posguerra I: Figuracións*. Vigo: Nova Galicia Edicións, 2000, vol. 7, páx. 334-373
- VVAA. *Historia del arte gallego*. Madrid: Alhambra, 1982. Páx. 485; 490; 493





## Bibliotecas Públicas Municipais

*Premio Nacional María Moliner 2011*

■ Biblioteca Central Rialeda:  
Avda. Rosalía de Castro, 227A  
15172 Perillo - Oleiros  
Telf.: 981 639 511- Fax: 981 639 996  
biblioteca.rialeda@oleiros.org

***Catálogo do fondo bibliográfico***

***<http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>***

Visita o noso blog:  
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en twitter @biblOLEiros



**Concello de Oleiros**

Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística

[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

***Colaboración:***

Arquivo Municipal de Oleiros  
Museo Municipal Os Oleiros José María Kaydeda

***Agradecementos:***

Á viúva de Antonio Tenreiro Brochón  
Á viúva de José María Kaydeda

***Autorizacións:***

As imaxes e fotografías que figuran no apartado de Antonio Tenreiro Brochón foron cedidas e autorizada a súa reprodución e publicación pola familia de Antonio Tenreiro Brochón pero non a outros organismos, nin a outras persoas.





**Concello de Oleiros**  
Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística



Bibliotecas Públicas  
Municipais

*Premio Nacional María Moliner 2011*

**IES Neira Vilas**  
**IES Miraflores**

